

## PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLAS E FILLOS MENORES DE TRES ANOS (Orde do 11 de marzo de 2014. DOG núm. 52 do 17 de marzo de 2013)



### PRAZO

Do día **18 DE MARZO** ao **26 DE ABRIL** de 2014 (ambos os dous incluídos).



### BENEFICIARIOS

As persoas con fillos ou fillas menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2014 (nados entre **02/01/2011** e o **01/01/2014**, inclusive).

Fillos ou fillas adoptados ou acollidos entre o **31/12/2010** e **31/12/2013**



**SERÁN BENEFICIARIOS DESTA PRESTACIÓN AQUELAS PERSOAS QUE NON TEÑAN FEITA A DECLARACIÓN DA RENDA DO EXERCICIO 2012.**



### DOCUMENTACIÓN

|                            |   |
|----------------------------|---|
| <b>SOLICITUDE NOVA (*)</b> | <ol style="list-style-type: none"> <li>1 <b>Anexo I</b> cuberto e asinado pola persoa solicitante</li> <li>2 <b>Anexo II</b> cuberto e asinado polo cónxuxe/parella, de ser o caso</li> <li>3 Copia do <b>libro de familia</b> ou certificación literal de nacemento do rexistro civil de cada un dos fillos ou fillas menores de tres anos.</li> <li>4 Certificado de <b>empadramento conxunto</b> da unidade familiar.</li> <li>5 Copia da <b>sentenza</b> de nulidade, separación ou divorcio e do <b>convenio regulador</b>, de ser o caso.</li> <li>6 Nos supostos de <b>adopción</b> ou <b>acollemento</b>, copia da resolución xudicial ou administrativa que a declare (Só no suposto de que a formalización se realizase noutra comunidade autónoma).</li> </ol> |
|----------------------------|---|

|                               |                     |   |  |
|-------------------------------|---------------------|---|--|
| <b>SOLICITUDE DO ANO 2013</b> | <b>FAVORABLE</b>    | <b>SEN CAMBIOS</b><br>con respecto a<br>solicitude anterior           | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <b>Anexo I</b> cuberto e asinado pola persoa SOLICITANTE</li> <li>➤ <b>Anexo II</b> cuberto e asinado polo cónxuxe/parella, de ser o caso</li> <li>➤ <b>Convenio regulador ratificado polo xulgado</b>, aquelas persoas que non o aportaran no ano 2013 por estar en tramitación ou aquelas que aportaran informes das traballadoras sociais ou da policía local</li> </ul>   |
|                               |                     | <b>CON CAMBIOS</b><br>con respecto a<br>solicitude anterior           | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <b>Modificación dos datos respecto dalgún dos proxenitores.</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <u>Nulidade, separación ou divorcio</u>: <b>Sentenza e convenio regulador FIRME.</b></li> <li>• <u>Se non están casados</u>: <b>Convenio regulador ratificado polo xulgado</b> que recolla a garda e custodia do ou da menor. Admitirase un INFORME onde se constate a NON CONVIVENCIA expedido polos Servizos Sociais do concello ou pola Policía Local.</li> <li>• <u>Falecemento</u>: <b>certificado de defunción</b> ou copia da <b>folia do libro de familia</b> onde figure esta circunstancia.</li> </ul> </li> </ul> |
|                               | <b>DESFAVORABLE</b> | <b>Toda a documentación establecida para as SOLICITUDES NOVAS (*)</b> |  |

**LER ATENTAMENTE AS NOTAS ACLARATIVAS DA SEGUINTE PÁXINA**

## ACLARACIÓNS SOBRE A DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

### 1. REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN

- A efectos do cómputo de prazos terase en conta a **data establecida no selo de entrada** no rexistro administrativo onde se presente.
- As solicitudes que NON teñan selo do **rexistro de entrada** do concello correspondente daráselles entrada no rexistro único da Xunta de Galicia, considerando esta data como a de presentación da solicitude.

### 2. SOLICITUDE E ANEXOS

- A solicitude (**Anexo I**) ten que vir **asinada** pola persoa **solicitante**.
- O **Anexo II** ten que vir **asinado** polo **cónxuxe ou parella** no suposto de que as persoas proxenitoras estean casadas ou manteñan unha relación análoga á conxugal.

Se algunha das persoas proxenitoras non figura na solicitude, deberá achegarse, segundo o caso, SENTENZA DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO ou o CONVENIO REGULADOR RATIFICADO POLO XULGADO.

Só na ausencia desta documentación e con CARÁCTER EXCEPCIONAL admitirase un informe dos servizos sociais do concello ou da policía local onde se constate a NON CONVIVENCIA entre as persoas proxenitoras.

### 3. EMPADROAMENTO

- No empadramento deben figurar: a **nai**, o **pai** e os **fillos e/ou fillas** polos que se solicita a axuda. Se algunha das persoas proxenitoras non está empadroada no mesmo domicilio deberá achegar igualmente o seu certificado de empadramento a efectos de comprobar que o seu domicilio está na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O ou a **menor** ten que figurar empadroado coa persoa solicitante.

### 4. LIBRO DE FAMILIA

- Débese presentar copia de **todas as follas escritas** do libro de familia, incluída a folia na que figuran os datos dos pais e aquela onde figura a constatación (ou ausencia) do matrimonio.

### 5. ADOPCIÓN, ACOLLEMENTO E TUTELA (Só no caso de resolucións doutras Comunidades Autónomas)

- ADOPCIÓN: auto xudicial de adopción ou resolución administrativa de acollemento preadoptivo.
- ACOLLEMENTO E TUTELA: copia da resolución administrativa ou xudicial da tutela ou do acollemento.

### 6. COPIA SENTENZA DE NULIDADE, SEPARACIÓN OU DIVORCIO E CONVENIO REGULADOR.

- A **sentenza** de nulidade, separación ou divorcio así como o convenio regulador teñen que ser **firmes**. Carecen de valor os autos provisionais.
- Serán REXEITADAS como documentación acreditativa: as **declaracións xuradas** de non convivencia, as **asignacións ou peticións de avogado de oficio** ou as cartas destes sobre a tramitación dos procesos, a **admisión a trámite de demandas**, etc.